



ACTA DA REUNION DA XUNTA ELECTORAL, PARA ELECCIONS A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, PRESIDENTE E COMISION DELEGADA DA FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO, CELEBRADA EN LUGO, NA SEDE FEDERATIVA, O DIA DOCE DE XULLO DE DOUS MIL DEZAOITO.

En Lugo, a once de xullo de dous mil dezaeito, na Sé da Federación Galega de Tiro Olímpico, con enderezo na Avda. Infanta Elena Duquesa de Lugo, s/n (Casa do deporte), en cumprimento do disposto no vixente Regulamento Electoral, reunense os membros da Xunta Electoral, para a fixación do número de membros da asemblea xeral por estamentos e especialidades.

ASISTENTES:

Presidente: D. Yago Lanzós Gesto
Vogal: Dona Iria Rancaño Otero
Secretaria Dona Pilar Vidal Barrio.

O Comité Galego de Xustiza Deportiva, con data 11 de xullo en curso, ACORDA desistimar o recurso interposto pola entidade Ourense Clube de Tiro Olímpico, contra o acordó de 26 de xuño de 2018 da Xunta electoral da Federación Galega de Tiro Olímpico, que desistimou a reclamación presentada pola entidade recorrente ao censo provisional e rexeitou a súa inclusión no censo provisional no estamento de entidades deportivas de dita Federación.

Á vista dos censos electorais definitivos e en aplicación do Artigo 19.2) do vixente Regulamento electoral, a Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico, estará constituída por 37 membros, distribuídos por estamentos e modalidades do seguinte xeito:

Estamentos de Entidades Deportivas:

Censo definitivo de Entidades deportivas: 24, 8 figuran no censo definitivo de Entidades deportivas da modalidade de prato e 16 no censo definitivo de Entidades deportivas da modalidade de precisión. Entidades deportivas na Asemblea Xeral: 24, que representan o 65% dos membros da asemblea.

Estamento de Deportistas:

Censo definitivo de Deportistas: 596, 94 figuran no censo definitivo da modalidade de prato e 502 no censo definitivo da modalidade de precisión. Deportistas na Asemblea Xeral: 7, que representan o 20% dos membros da asemblea, distribuídos proporcionalmente por modalidades como segue:

Deportistas da modalidade de Prato: 1 deportista.
Deportistas da Modalidade de Precisión: 5 deportistas
Deportistas Galegos de Alto Nivel: 1 deportista. (10% dos deportistas, segundo artigo 19.b) do vixente Regulamento electoral.

Estamento de Adestradores:

Censo definitivo de Adestradores 12. 1 figura no censo definitivo da modalidade de prato e 11 no censo definitivo da modalidade de precisión. Adestradores na Asemblea Xeral: 4, que representan o 10% dos membros da asemblea, distribuídos proporcionalmente por modalidades como segue:

Adestradores da modalidade de Prato: 1 Adestrador
Adestradores da modalidade de Precisión: 3 adestradores.

Estamento de Xuíces-árbitros:

Censo definitivo de Xuíces-árbitros 76. 11 figuran no censo definitivo da modalidade de prato e 65 no censo definitivo da modalidade de precisión. Xuíces-árbitros na Asemblea Xeral: 2, que representa o 5% dos membros da asemblea, distribuídos proporcionalmente por modalidades como segue:

Xuíces-árbitros da modalidade de Prato: 1 Xuíz-árbitro
Xuíces-árbitros da modalidade de Precisión: 1 Xuíz-árbitro.

O Reparto que se acorda para establecer os membros da Asemblea Xeral por cada estamento e modalidade están dentro das porcentaxes e condicións que suleña o Artigo 18 do vixente Regulamento electoral.

En aplicación do Artigo 19.2) do vixente Regulamento electoral, e dentro do prazo establecido, comunicarse esta Resolución á Secretaría Xeral para o Deporte.

E Sendo as 20:45 horas, levántase a sesión que se constata na presente Acta.

A Secretaria da Xunta Electoral,

Asdo.: Pilar Vidal Barrio.

Vº. e Prace,
O Presidente da Xunta Electoral,

Asdo.: Yago Lanzós Gesto.

